

Para sermos lingüisticamente sustentábeis¹

M. CARME JUNYENT

Universitat de Barcelona

A noción «lingüisticamente sustentábel» inspírase nos traballos do sociolingüista Albert Bastardas e foi adoptada en 2008, Ano Internacional das Linguas, polos Serveis Lingüísticos das universidades catalás co fin de dar contido ao obxectivo de o estudantado universitarios se comprometer coa diversidade lingüística. Con este fin elaborouse un Decálogo do/a estudante lingüisticamente sustentábel que foi traducido a diversas linguas, e foi a base doutros produtos culturais como unha exposición, bandas deseñadas e varias propostas de actividades para o estudantado. A pesar de os destinatarios directos desta proposta seren os estudantes, xulgamos que o compromiso coa preservación da diversidade lingüística non debe limitarse ao ámbito universitario, senón que debe chegar ao conxunto da sociedade e, por tanto, a todas as persoas, quer falantes de linguas ameazadas quer falantes de linguas dominantes. Con demasiada frecuencia, a preservación da diversidade lingüística é percibida como unha cuestión que atinxe ou ben aos lingüistas ou ben ás comunidades falantes de linguas ameazadas, mais a idea de sustentabilidade leva implícita a responsabilidade de todos porque a historia mostra que, fronte á recuperación de linguas illadas, o que é realmente necesario é o restabelecemento das redes de comunicación alteradas xa sexa polo poder político, económico, relixioso ou, cada vez máis, do mercado.

A preocupación pola preservación da diversidade lingüística baséase no feito de que, no momento actual, máis da metade das linguas que aínda se falan poden desaparecer no transcurso dunha ou dúas xeracións. Canto á outra metade, a maior parte mostran

¹ Este traballo forma parte do proxecto FFI2009-09955 «O rol das linguas da inmigración na escola», financiado polo Ministerio de Educación

síntomas de recesión, xa sexa nos ámbitos de uso, no número de falantes, na base territorial ou noutros aspectos. A pesar de que hai quen afirma que sempre desapareceron linguas –e ten razón–, o certo é que os procesos actuais non teñen precedentes nin na proporción nin na velocidade e estamos a asistir a depauperización do patrimonio lingüístico humano máis drástica da historia. Se unha lingua for só unha das formas posíbeis en que se pode realizar a capacidade humana universal que é a linguaxe, a perda da maior parte do patrimonio lingüístico implica a perda de incontábeis formas de coñecemento, e iso aféctanos a todo o mundo.

A pesar deste panorama, a morte das linguas non é unha cuestión que preocupase os lingüistas até hai moi pouco. E aínda así, a morte das linguas acostuma a ser considerado máis un problema de perda de datos que un problema humano. O lingüista francés Joseph Vendryes foi un dos pioneiros no estudo deste fenómeno con diversos artigos publicados durante os anos 30 e 50 do século XX. Posteriormente, outros sociolingüistas como Joshua Fishman ou lingüistas como Nancy Dorian ou Wolfgang Dressler crearon as bases dun ámbito de investigación que nos últimos anos tivo unha grande expansión e que demostrou que, cando morre unha lingua, non morre soamente un sistema de comunicación, senón que morre tamén o saber vehiculado naquel código ademais dun vínculo que fai posíbel a reciprocidade, e tamén unha forma de identificación que permite a acumulación sen renuncias nin exclusións.

A idea de sustentabilidade leva implícita a de equilibrio e intercambio. Hai un dato moi revelador que mostra até que punto estamos lonxe do equilibrio. Actualmente, o 96% da humanidade fala o 4% das linguas, ou viceversa, o 4% da humanidade fala o 96% das linguas. Naturalmente, este dato é útil para mostrar a que nos enfrontamos, e non ha de ser entendido como un retrato da situación –á fin e ao cabo, hai moitos falantes plurilingües que poderían modificala–, mais axúdanos a entender a velocidade do proceso de homoxeneización mundial se pensamos que, hai uns 20 anos, este cálculo era de 95% e 5%. Como se pode deter este proceso?

Naturalmente, o primeiro que debemos formularnos é se o queremos deter. Porque hai quen xulga que a morte das linguas é un fenómeno natural e que fomenta e facilita a comunicación. Talvez cómpre insistirmos na idea de que a substitución lingüística non é nunca un fenómeno natural e que implica grandes doses de sufrimento e autoodio nos falantes, que se ven obrigados a rexeitaren a lingua coa que coñeceron o mundo, a lingua que lles transmitiron de forma natural. Mais se a comunicación parece un obxectivo desexábel, é preciso termos en conta que o seu fundamento é o intercambio. E como é posíbel o intercambio con quen te obriga a renunciare ao que es? El que podes achegar despois desta renuncia? Por outro lado, aínda cando demasiado a

miúdo non somos conscientes diso, todas as persoas nos beneficiamos das achegas doutras culturas. Abonda con revisarmos os nomes dos alimentos (táboa 1), ou das garantías que utilizamos para nos vestir (táboa 2), para nos decatarmos de até qué punto a diversidade está presente na nosa vida cotiá. A revitalización da diversidade lingüística, pois, vai alén das linguas e por iso, cando quixemos describir @ estudante lingüísticamente sustentábel, non apelamos á lingua senón ás persoas, á diversidade e ao saber.

Na medida en que, como xa vimos, a preservación da diversidade lingüística non é unha cuestión só de universitarios, propoño unha revisión do decálogo para a sustentabilidade lingüística cuxo principio fundamental é o respecto por todas as linguas.

Sé respectuoso con todas as linguas

A historia da humanidade mostra que as culturas dominantes fixeron de todo para facer desaparecer linguas: xenocidios, deportacións, secuestro de crianzas e un longo etcétera para romper os vínculos entre xeracións ou das comunidades co seu territorio. Agora, non obstante, estas actuacións xa non son tan frecuentes en parte porque obviamente vulneran os dereitos humanos, mais tamén porque hai un sistema máis eficaz: converter a vítima en verdugo. Efectivamente, se se convence alguén de que a súa lingua é un obstáculo para o desenvolvemento, para a mobilidade social, para o progreso ou mesmo que a súa lingua é unha tipa de sublingua, un «dialecto», entón xa o temos todo a punto para que a vergoña da propia lingua faga o traballo e sexan os propios falantes os que a abandonen. Sabemos que moitas das linguas que están a desaparecer actualmente son coñecidas pola mocidade e, a pesar diso, esta non as fala por vergoña. Actualmente, as actitudes lingüísticas negativas e as migracións son as dúas causas máis frecuentes de morte das linguas. O rexeitamento cara ás linguas dos outros maniféstase a miúdo nos glotónimos: «bérber» é a mesma palabra que «bárbaro» «popoluca» significa «que tatexa», «cheyenne» significa «que fala unha lingua escura, opaca». A estes poden engadir outros glotónimos que teñen en común o desprezo pola lingua do outro.

Desde logo, a base destes prexuízos non é outra que a ignorancia: sabemos que non hai linguas mellores que outras, a propia idea dunha lingua primitiva é absurda e ninguén puido explicar nunca en que consiste. A linguaxe é unha capacidade humana e, por tanto, universal. As linguas son como son independentemente da vontade das persoas falantes, este único argumento debería abondar para comprender que o desprezo de calquera lingua é só unha proba da ignorancia de quen o sente.

Observa e escoita: interésate polas linguas do teu arredor

A experiencia do Grup d'Estudi de Llengües Amenazades pode ser unha boa ilustración deste punto. Durante a primeira década do século XXI, Catalunya experimentou un cambio demográfico espectacular, cun aumento de máis de 1,2 millóns de cidadáns dos cales máis dun millón chegaron doutras partes do planeta (táboa 3). Ao principio, estas persoas eran asociadas automaticamente ás linguas oficiais dos seus países de orixe: o español para a maioría de sudamericanos, o urdú para os paquistánís, o tagalo para os filipinos, o ruso para os rusos etc. Era evidente que estabamos a tratar estas persoas como non queremos que nos traten a nós: ignorando a súa identidade real e asociándoas a linguas que ás veces nin sequera coñecían. A partir desta observación decidimos facer o inventario das linguas que se falan en Catalunya, as linguas dos cataláns e, de momento, inventariamos máis de 270. Entre as últimas que identificamos están o mali de Papúa-Nova Guinea, o kiché de Guatemala ou o harare de Etiopía, mais tamén identificamos unhas 40 linguas de Camerún, máis de 20 linguas de Filipinas, media ducia de linguas de Irán etc. A partir do noso inventario fixéronse outros no País Vasco, en Mallorca e en moitos municipios de Catalunya. Así se puido comprobar que só en Lloret de Mar falan unhas 150 linguas, ou que a maioría dos nixerianos de Lleida falan edo; con todo, o máis importante é que se adquiriu a conciencia da bagaxe cultural da poboación de Catalunya. Hoxe en día é habitual ouvir que en Catalunya falan 300 linguas, ou que alcaldes e concelleir@s saben cantas linguas falan no municipio e conseguíuse lograr algo moi notábel: romper a dicotomía catalán/español, ademais de sentar as bases da reciprocidade e o mutuo recoñecemento entre persoas que proveñen de culturas moi distintas.

Non teñas medo a aprender novas linguas, sempre serán as túas aliadas

En culturas con tradición monolingüista, máis que monolingüe, hai moitas reservas respecto do plurilingüismo. Hai quen xulga que aprender unha nova lingua significa desaprender algo da propia. En realidade, as linguas que aprendemos deitan nova luz sobre a nosa, axúdannos a comprendela mellor: Como dicía Goethe «Quen non sabe nada das linguas estranxeiras, non sabe nada da propia» e, por outro lado, en todo aquilo que son diferentes ensinannos a ver o mundo doutro xeito e achégannos máis flexibilidade para abordarmos situacións novas. Hai numerosos ámbitos onde se percibe que as linguas poden representar de maneiras distintas a mesma realidade, desde a conceptualización do espazo e o tempo, aos sistemas de parentesco ou as cores, e a miúdo compróbase que esta diversidade de coñecemento tamén está ameazada, por exemplo, nos sistemas numerais.

A difusión e a imposición do sistema decimal está a destruír moitos sistemas numerais que foron utilizados durante milenios. Aínda agora hai sistemas de base² dous, tres, catro, cinco, seis... e por suposto dez e doce. As bases máis frecuentes son 5 e 10 porque é evidente que a calculadora máis universal son os dedos, por exemplo en chukoto –unha lingua de Siberia– o sistema numeral é de base cinco e nos termos maniféstase que se basea nos dedos; así pois, 5 é o equivalente «aos dunha man», 10 «aos das dúas mans», 15 derívase da palabra para «pé», 20 é o equivalente «aos dunha persoa» e 40 «aos de dúas persoas». Tamén no sistema numeral do soto –lingua bantú falada en Sudáfrica– se detecta claramente o uso dos dedos para contar: -tee, -bedi, -raro, -ne, -fetsa seatla («remata a man»), selela («salta ao outro lado»), -supa («indicar»), seswai, senyane e lesome. Os sistemas de base quinquenal adoitan ter unha base secundaria vixesimal, por exemplo o idoma, lingua kwa falada en Nixeria. O sistema numeral do idoma é vixesimal. Todas as decenas pares até o 400 se forman multiplicando 20 (ofu) pola cifra correspondente: ofepa (20 x 2), ofeta (20 x 3), ofene (20 x 4), ofeho (20 x 5), ofehili (20 x 6)... ofigwo (20 x 10). As decenas impares fórmanse engadindo 10 ao anterior: ofu cigwo (30), ofepa cigwo (50), ofeta cigwo (70) etc.

As linguas ábrenche novas perspectivas: non renunciéis ás fontes de coñecemento que che ofrecen as distintas linguas.

Dixemos que a idea de sustentabilidade leva implícita a de equilibrio e intercambio e aquilo que fai posíbel o intercambio é precisamente a diversidade. O mundo non se pode comprender sen a diversidade; isto é obvio na bioloxía, mais esquecese máis doadamente nos aspectos sociais onde se supón que a igualdade é desexábel. Sen esquecermos que a miúdo confundimos igualdade con equidade, é evidente que se todas as persoas temos as mesmas necesidades, todas temos a mesma imposibilidade de as satisfacer. Tampouco podemos esquecer que a miúdo confundimos as necesidades cos recursos e o feito é que unha lingua che pode dar máis posibilidades mais outra dáche máis recursos; o multilingüismo permítenos ter todas as posibilidades sen renunciar aos recursos. Ao longo dos séculos, cada cultura foi almacenando os seus coñecementos na lingua e por iso existen tantas maneiras de configurar a realidade; un exemplo clásico desta configuración distinta é o dos termos para «neve» en linguas faladas polos inuit. A pesar de que ás veces este tipo de exemplos son esaxerados

² A base dun sistema numeral é o número a partir do cal se comezan a facer operacións. Por exemplo, nun sistema de base 5, o número 6 pode ser $5 + 1$, ou nun sistema de base 3 pode ser $3 + 3$.

porque se adoitan confundir formas inanalizábeis con formas analizábeis (como «auga neve» ou «neve primavera»), si é evidente que os elementos relevantes culturalmente se categorizan de xeito distinto a outras linguas onde o mesmo elemento non sexa tan relevante, por exemplo, en yupi temos *qanik* (neve que cae), *aniu* (neve para facer auga), ou *sirmiq* (neve fundida para os alicerces do iglú), mais tamén *qanittaaq* (neve que acaba de caer), *qannialaaq* (neve lixeira que cae), ou *qanniapaluk* (neve moi lixeira que cae co aire calmado), onde podemos identificar os diferentes compoñentes do nome.

Dá voz aos minoritarios e escóitaos

Ás veces parécenos que «cultura universal» é sinónimo de «cultura occidental» e moitos creadores de todas as partes do planeta optan polas linguas maioritarias co obxectivo de captaren máis audiencia. Eles renuncian ao seu legado mais esta renuncia implica tamén a ocultación do traballo dos creadores que traballaron na súa lingua. Ás veces xulgamos que coñecemos a literatura africana porque coñecemos Senghor, ou a literatura hindú porque coñecemos Salman Rushdie, e no entanto ignoramos os creadores que optaron polas linguas africanas ou da India. É bo lembrarmos que a finais do século XVIII, cando Diderot, Voltaire ou Rousseau xa escribiran a súa obra, o número de persoas que falaban francés non superaba os tres millóns, segundo o informe do Abbé Gregoire, e tamén que na época en que Shakespeare escribía, o inglés tiña pouco máis de catro millóns de falantes e na mesma época, o castelán non chegaba aos seis millóns. De seren contemporáneos nosos, chegaríamos a coñecelos? Os grandes creadores non pensan na audiencia senón na súa obra e moitos pódennos pasar desapercibidos se non formos capaces de ir máis alá das leis do mercado. Tamén aquí a noción de equilibrio é fundamental, e é preciso contrarrestar o mercado coa autenticidade. O propio Cervantes, un precursor da sustentabilidade lingüística, di en *El Quijote*: «O grande Homero non escribiu en latín, porque era grego, nin Virxilio non escribiu en grego, porque era latino. En resolución, todos os poetas antigos escribiron na lingua que mamaron no leite, e non foron buscar as estranxeiras para declarar a alteza dos seus conceptos. E, sendo isto así, razón sería se estendese este costume por todas as nacións, e que non se desestimase o poeta alemán porque escribe na súa lingua, nin o castelán, nin aínda o biscaíño, que escribe na súa».

Non impoñas linguas dominantes. Replanta linguas ameazadas

Un dos paradoxos da planificación lingüística consiste en que, cando se trata de recuperar os espazos que unha lingua tivera historicamente, aparecen reaccións adversas queixándose de que se trata dunha imposición. O sociolingüista Sánchez Carrión –Txepetx– afirma que non se trata dunha imposición senón dunha reposición e, con esta idea, propoñemos replantar linguas nos seus territorios históricos e non noutros. Da mesma forma que non esperamos que o dakota se recupere no deserto de Sahara, ou o maorí en Siberia, si pensamos que hai que potenciar as linguas nos territorios onde se desenvolveron, porque é alí onde cumpren a súa función. Seguramente o maior contrasentido da mobilidade é que se utilicen as linguas para ignorar precisamente o lugar de destino. O proxecto de impartir cursos en inglés para os estudantes de Erasmus, por exemplo, é, ademais dunha forma de menosprezar a súa capacidade de aprendizaxe, unha forma de lles furtar aquilo que o lugar de destino lles pode achegar. Se nos van dar o mesmo en Lisboa que en Amsterdam, por que deberíamos desprazarnos?

Actualmente, as facilidades de desprazamento contribúen a migracións a longas distancias dun gran número de persoas e este fenómeno implicou tanto a desterritorialización de moitas linguas como a modificación da composición demolingüística de moitas comunidades. Cando o lugar de destino é tamén o territorio onde se desenvolveu algunha lingua minorizada, o comportamento lingüístico tanto da comunidade receptora, como dos inmigrantes é fundamental para preservar o equilibrio lingüístico. Os primeiros só poden esperar colaboración se partillaren a súa lingua, os segundos deben ser conscientes de que a súa opción pola lingua dominante contribúe a reforzar o poder que os obrigou a abandonar o seu lugar de orixe, e que unha forma de contrarrestar ese poder é xustamente contribuír á preservación das linguas minorizadas no lugar de destino.

Un pequeno mercado pode ser unha gran porta

Tal como dixemos anteriormente, a miúdo os creadores optan por unha lingua con moitos falantes coa suposición de que esta opción lles garante unha grande audiencia. Esta opción adoita implicar o rexeitamento á cultura da que se nutren e convérteos, ademais, non en interlocutores como pretenden, senón en pantallas que obstaculizan o contacto entre os creadores en linguas locais e o público internacional. Mais a opción pola lingua dominante adoita ter a consecuencia paradoxal de non chegar á audiencia natural e máis próxima por adoptar un vehículo que non comparte, e tamén de

non chegar á grande audiencia que se pretendía, porque as grandes linguas teñen mercados saturados onde é moi difícil facerse un oco; como dicía Pío Baroja: «Se quere triunfar en Madrid, pónase á cola». Porén, vimos como grandes obras en linguas minoritarias acabaron por achar o seu espazo e foron achegas importantísimas á cultura universal. Os pequenos mercados poden ser potentes altofalantes cando a obra tiver calidade.

Practica a diversidade lingüística cando te movas polo mundo

Actualmente, o turismo é unha das grandes forzas destrutoras da diversidade lingüística. A sustentabilidade lingüística implica non sumarse ao turismo aniquilador que procura en todas as partes o mesmo que non ten na casa, e aprender a gozar de todo o que os lugares teñen para ofrecer, e neste «todo» inclúense as linguas. Non podemos esquecer que os países monolingües son unha rareza, mais sobre todo non debemos esquecer que en moitos países multilingües, as linguas minorizadas ocúltanse. Interesarse por estas linguas, polas súas achegas á cultura universal é unha forma de dignificalas e de loitar contra os prexuízos lingüísticos. Mais non só o turismo é unha forma de desprazamento depredadora da diversidade. Unha das grandes contradicións contemporáneas é o grande número de ONG que pretende cooperar con outras culturas perpetuando ao mesmo tempo o imperialismo lingüístico na medida en que ignoran as linguas locais, é dicir, acentuando o desequilibrio e reforzando a idea de que as linguas importantes son as coloniais. A falta de reciprocidade nestes casos implica que a suposta cooperación se converta nunha forma máis de poder.

Preserva o teu espazo de liberdade: a lingua non cha poden quitar se ti non queres

Nos seus Contes du Lundi, Alphonse Daudet recorda unha frase de Frédéric Mistral: «Quand un peuple tombe esclave, tant qu'il tient ben sa langue, c'est comme s'il tenait a clef de sa prison». E é que poden escravizarte, cambiar o teu nome e mudar o nome do teu país, poden ocupalo e dominalo, mais o que non poden se ti non quixeres é cambiar a túa lingua. Por iso tamén, porque a lingua é un espazo de liberdade, é obxecto de todos os intentos de supresión, porque é o último reduto da independencia. Curiosamente, cando as culturas ameazadas pretenden preservar a lingua son acusadas de se cerraren sobre si mesmas, mais non se entende como cerrazón o feito de as culturas dominantes esperaren que as outras se adapten a elas e de permaneceren impermeábeis ás achegas das outras.

Non exclúas ningúen dunha lingua

Cando o Grup d'Estudi de Llengües Amenaçades se propuxo facer o inventario das linguas de Catalunya, fíxoo coa intención de tratar os demais como queremos que nos traten a nós, non negando quen somos nin atribuíndonos outras identidades que non recoñecemos como nosas. Tamén pensabamos que cando atopamos cataláns de orixe que preservaron a súa lingua noutros lugares do mundo, nos conmovemos profundamente. Por suposto, non cremos ser os únicos en sentir así e por iso queriamos conceder a esas linguas o valor que outorgamos á nosa. Xulgabamos que, só así, poderíamos esperar reciprocidade, é dicir, que todos os cataláns, calquera que fose a súa orixe, partillasen connosco a tarefa de recuperar a lingua, porque cando pensamos na Catalunya do futuro próximo –vinte, trinta anos– o que vemos é un país onde unha parte moi importante da poboación terá linguas de todo o mundo no seu pasado familiar, e queremos que estas linguas formen parte do noso patrimonio á marxe da decisión individual de as preservar ou non. Ser lingüísticamente sustentábeis é tamén unha forma de convivir sen renunciar á diversidade.

Conclusión

Cando nos preguntamos como sería @ estudante lingüísticamente sustentábel, non pensamos tanto nas cuestións lingüísticas como nos aspectos actitudinais e de comportamento. A preservación da diversidade lingüística non é máis que a consecuencia do compromiso coa liberdade, a igualdade e saber e por iso nos pareceu que a que segue sería unha descrición axeitada:

@ estudante lingüísticamente sustentábel valora as persoas, e por iso non espera que se subordinen. Valora a diversidade, porque é unha persoa libre e sabe que a liberdade implica non renunciar a ser quen es. Valora o coñecemento, porque o fai máis libre e human@. @ estudante lingüísticamente sustentábel é consecuente, e por iso o seu comportamento lingüístico vai a prol das persoas, da diversidade e do coñecemento.

Obras de referencia

Bastardas, A. (2004): «*Cap a una sostenibilitat lingüística: conceptes, principis i problemes de l'organització comunicativa dels humans per al segle XXI*» / «*Towards a 'linguistic sustainability': Concepts, principles and problems of human communicative organisation in the twenty-first century*» X Congrés Linguapax / Diàleg 'Diversitat lingüística, sostenibilitat i pau', Fòrum Universal de les Cultures (on-line).

Bastardas, A. (2005): *Cap a una sostenibilitat lingüística* (Tarragona: Angle Editorial).

Comellas, P. (2006): *Contra l'imperialisme lingüístic. A favor de la linguodiversitat* (Barcelona: La Campana).

Diversos Autors (2005): *Les llengües a Catalunya* (Barcelona: Ed. Octaedro).

Harrison, K.D. (2007): *When Languages Die. The Extinction of the World's Languages and the Erosion of Human Knowledge* (Oxford: Oxford University Press).

Junyent, M. C. (en prensa): *El rol de les llengües de la immigració a l'escola* (Barcelona: Horsori).

Junyent, M. C. / Muncunill, C. (2010): *El libro de las lenguas* (Barcelona: Ed. Octaedro).

Romaine, S. / Nettle, D. (2000): *Vanishing Voices. The extinction of the world's languages* (Oxford: Oxford University Press).

Sánchez Carrión, J.M. «TXEPETX» (1999): *Márgenes de encuentro. Bilbao y el euskara. Aplicación sociolingüística de la territorialidad* (Bilbao: Ayuntamiento de Bilbao).

Táboa 1 (alimentos)

arroz: do dravídico
 banana: do wolof
 cacao: do mixe-zoque
 caqui: do xaponés
 croqueta: do francés
 endivia: do exipcio
 entrecosto: do francés
 escabeche: do árabe
 spaghetti: do italiano
 espinaca: do persa
 iogur: do turco
 kiwi: do maorí
 manga: do tamil
 merengue: do polonés
 ketchup: do chinés
 soia: do manchú
 chocolate: do náhuatl

Táboa 2 (vestido)

anorak: do inuktitut
 blusa: do francés
 camisa: do celta
 corbata: do serbocroata
 fular: do francés
 pantalón: do francés
 parca: do aleuta
 pixama: do hindustano
 poncho: do tehuelche
 quimono: do xaponés
 sueter: do inglés
 chal: do persa
 chándal: do francés

Táboa 3. Evolución da poboación total e estranxeira en Cataluña. Anos 2000-2010.

	(1) Poboación	Poboación estranxeira			
		Total	% sobre (1)	var. abs.	var. %
2010	7.512.381	1.198.538	15,95	9.259	0,78
2009	7.475.420	1.189.279	15,91	85.489	7,75
2008	7.64.078	1.103.790	14,99	131.283	13,50
2007	7.210.508	972.507	13,49	58.750	6,43
2006	7.134.697	913.757	12,81	114.853	14,38
2005	6.995.206	798.904	11,42	156.058	24,28
2004	6.813.319	642.846	9,44	99.838	18,39
2003	6.704.146	543.008	8,10	160.988	42,14
2002	6.506.440	382.020	5,87	124.700	48,46
2001	6.361.365	257.320	4,05	75.730	41,70
2000	6.261.999	181.590	2,90	:	:

Fonte: Idescat, a partir da explotación estatística dos padróns.